

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas sobre literatura, editoriais e librarías


Actualización dun clásico

[19/02/2005 20:35] por **Heitor Mera**

A estrela na palabra. Novas conversas con Xosé Manuel Beiras

Miguel Anxo Fernán Vello / Francisco Pillado Maior
Laiovento / Espiral Maior, 2004. 312 páxs., 14 €

A nación incesante foi o título co que saíu no ano 1989 o primeiro libro de conversas con Xosé Manuel Beiras elaborado por Fernán Vello e Francisco Pillado. Hoxe, despois dun tempo máis que prudencial dende aquela primeira entrega e cunha perspectiva diferente do evoluir nos últimos anos do nacionalismo e dos acontecementos políticos, sociais e económicos, revísase o proxecto con este interesantísimo *A estrela na palabra*.



Facer un libro de conversas semella, nun principio, cousa sinxela. Hai quen considere que todo se limita a poñerlle diante ao entrevistado unha gravadora e deixalo parolar ata que se farte. Debemos comezar por recoñecer o mérito dos entrevistadores, pois un traballo deste tipo precisa documentarse moi a fondo para discernir as liñas mestras da entrevista. Non esquezamos que Fernán Vello e Pillado Maior son os directores de orquestra e Beiras, independentemente das digresións que se dan decote cando un é sometido a unha entrevista desta magnitude, limitábase a contestar relativamente condicionado polos temas que lle son propostos. Eu coido que é aquí onde radica gran parte do éxito dun libro de conversas; na base que dará ás posteriores reflexións do protagonista. Sen os vieiros previamente trazados a anarquía sería total e o interese do documento podería perder puntos.

Por outro lado está o saber dialéctico do entrevistado, neste caso nada máis nin nada menos que o profesor Beiras que, nesta súa condición de docente, imparte maxisterio levándonos polos máis diversos aspectos de interese dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica. Beiras toca temas que, aínda que no esencial posiblemente sexan xa coñecidos por todos, poderían considerarse tabús e, non obstante abórdalos sen ningún tipo de atranco, deixando luz onde antes había confusión.

Dende a súa traumática relación con García-Sabell, ata a súa crise psicolóxica, tan burda e mesquiñamente aproveitada por moitos dos seus adversarios políticos, ata unha exposición extraordinaria de fundamentos sobre economía ou historia recente do proceso evolutivo do nacionalismo galego, Beiras échese a falar. E faino con claridade expositiva. Aínda que neste punto entendemos que as transcripcións serían en maior ou menor medida puídas polos responsables do libro para evitar repeticións e fenómenos inherentes á oralidade que non deberían ser expostos por simple economía. Con todo, a orde, a exposición, a claridade nas ideas, fan que por momentos esteamos ante un verdadeiro ensaio de brillantez indiscutible e de ímpoluta resolución.

Moita xente esperaba deste libro un axuste de contas despois do proceso de sucesión de liderato que se deu no seo do BNG. É máis, houbo mesmo quen se laiou nalgún medio de comunicación pola omisión de tal asunto. Dende aquí consideramos que estas persoas non souberon ler o libro coa fondura e atención que require. Beiras non di explicitamente nada sobre tal asunto, nin falta que fai, e mesmo o poderíamos considerar pouco elegante, pero o que saiba ler entre liñas e non tan entre liñas decatárase ao momento dos enunciados críticos e, non o esquezamos, tamén autocríticos, que Beiras lanza ao longo do libro. A UPG, Francisco Rodríguez máis nomeadamente, e outros responsables do aparato do partido marxista e por ende do propio aparato do BNG, son obxecto de reflexión e, sen quitarlle os méritos en ningún momento, tamén é certo que son acusados nalgún momento por Beiras de excesivo seguidismo dogmático nas teses upegallas. Tamén se di explicitamente que o líder da UPG non tiña a Quintana como o seu candidato e outras cuestións que o lector terá a ben ler no propio libro, que sacan a relucir algúns panos luxados que se deron nos últimos tempos na organización frontista.

Logo pois, penso que estamos ante unha recepción do libro por parte dalgunha prensa interesada que, por un lado, fai unha lectura moi superficial do mesmo sen chegar a conclusións que están aí latexantes e que dan por omitidas en todo punto e, por outro lado, a magnificación que se fai dalgunha anécdota —nun libro de 312 páxinas hainas abundas, evidentemente— polo simple feito de expresar desacordos puntuais entre Beiras e Rodríguez. O

curioso é que esa prensa conseguiu o que buscaba ao posicionar a moitos militantes e simpatizantes do BNG defendendo a primacía moral, ou algo así, duns e doutros. Se algo debe aprender o BNG de todo isto, máis alá da enorme e acertada erudición de Xosé Manuel Beiras, é que a falta de transparencia da vida normal do partido, a endogamia que fai que ás veces non se saiba se é unha organización que ten que proxectarse cara á sociedade ou se é un club selectísimo de amigos, deben ser superados e o ex-líder da formación deu un primeiro paso importante. Este tipo de cousas son moi saudables. Non creo que afecten a medio punto porcentual nas próximas eleccións.

Independentemente do punto de vista de cada un, non dubiden en ler este libro.

[mércao en Andel](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Na memoria está a dignidade](#)
- ❑ [Penélope reinterpretada](#)
- ❑ [A novas Auria/Oria](#)
- ❑ [Novela prescindible](#)
- ❑ [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- ❑ [Crime sen castigo](#)
- ❑ [Na procura das orixes](#)
- ❑ [Un atasco entretido](#)